

STOP DESERTIFICACIÓN

AXÚDANOS A COMBATER A DESERTUS

Desertus avanza por moitas rexións do planeta, **acabando coa vexetación e o chan fértil**. O CO₂, as secas, a deforestación e o uso inadecuado da auga dálle un poder enorme.

Hai moitas maneiras de deter a Desertus. Desde grandes accións ata pequenos hábitos para o teu día a día. Coñecelos é o primeiro paso para **loitar contra a desertificación**.



Como podemos frealo?

Ante a deforestación...

Reforestación!

A tala de árbores ou deforestación favorecen a Desertus. Pasemos á reforestación: plantar especies propias de cada zona para recuperarnos da deforestación.



Ante o uso de acuíferos...

Cultivos sostibles!

Os acuíferos están baixo terra, pero conteñen auga de boa calidade. Ao utilízalos sen control, aumenta a desertificación. Como coidalos? Cultivando especies que necesiten pouca auga.



Ante o uso inadecuado da auga...

Usámola con cabeza!


Pechar a billa ao enxaboarte ou ducharte en lugar de bañarte, axuda a manter as reservas de auga para frear a Desertus.



Ante o CO₂...

Máis enerxías renovables!

O CO₂ é un gas contaminante que procede do carbón ou o petróleo. Se os substituímos pola enerxía do sol ou o vento, gañaremos a Desertus!



Lembra! **Desertificación e desertización** parecen, pero son diferentes. Na primeira, a acción humana provoca que os chans perdan vexetación. Na desertización, é a natureza a que actúa, transformando unha zona húmida en desértica.



AQUALIAEDUCA.COM

 **aqualia**
A túa compañía da auga